

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A QUE CONTÉN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DO SOBRE C QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA DO SERVIZO PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA ORQUESTRA PANORAMA CON MOTIVO DAS FESTAS DA PEREGRINA EN BERTAMIRÁNS (AMES) TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

En Ames o 17 de xullo de 2023 réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do expediente de licitación para a contratación da Actuación da Orquestra Panorama con motivo das festas da Peregrina en Bertamiráns (Ames), tramitado mediante procedemento negociado sin publicidade.

ASISTEN:

Presidenta:

Susana Señorís Rodríguez, Concelleira delegada de Economía e Hacienda

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal

Margarita Fernandez Sobrino, Interventora municipal

Emilio Garrido Moreira, Técnico del Servicio de Contratación.

Actúa como **secretaria** do acto **M. Isabel Quintáns Rios**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

En Xunta de Goberno Local do 6 de xullo de 2023 aprobouse o expediente de licitación do contrato para a actuación da Orquestra Panorama con motivo da celebración das festas da Peregrina en Bertamiráns, tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade.

O 7 de xullo de 2023 trasladouse invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PCSP), unicamente á empresa designada no prego de cláusulas administrativas particulares, GO MUSIG MANAGEMENT SL., para que nun prazo de sete días naturais formule oferta.

A empresa formula oferta a través da PCSP o 11 de xullo de 2023

Unha vez rematado o prazo de presentación da oferta procedese a convocar a apertura dos sobres, tanto o sobre A (documentación administrativa) como o sobre C (oferta económica e criterios valorables de forma automática)

O acto iniciase coa apertura do Sobre A que contén a documentación administrativa e acreditativo do cumprimento dos requisitos previos. Achega Declaración responsable previa segundo modelo Anexo XXI do PCAP.

Tras o seu exame, a declaración responsable cumpre co establecido nos pregos, polo que a

continuación se procede a apertura do Sobre C que contén a oferta económica e os criterios valorables de forma automática formulada pola empresa GO MUSIC MANAGEMENT SL.

O orzamento base de licitación é de 18.000,00 euros mais 3.780,00 euros (IVA 21%) o que fai un importe total de 21.780,00 euros.

Outorgaranse as seguintes puntuacións:

Oferta económica	90 puntos
Publicidade do evento	
En redes sociais	2 puntos
En cartelería	3 puntos
En prensa	5 puntos

Os criterios obxecto de negociación son os seguintes:

- Oferta económica
- Publicidade do evento

A empresa formula a seguinte oferta:

Base	IVA 21%	TOTAL
18.000,00 €	3.780,00 €	21.780,00 €

Á vista da oferta formulada a puntuación resultante é a seguinte:

GO MUSIC MANAGEMENT SL	80 puntos
------------------------	-----------

Á vista do exposto a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

Primero.- Trasladar a GO MUSIC MANAGEMENT SL invitación final para que nun prazo de **48 horas presente unha nova oferta ou ratifique a mesma** con respecto aos criterios de negociación, iniciándose así o trámite de negociación establecido na cláusula 20 do pregos de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- La Mesa volverase a reunir para coñecer si GO MUSIC MANAGEMENT SL formulou nova oferta ou ratifica a xa formulada.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dase por finalizado o acto do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os mebros da Mesa de Contratación, e eu como secretaria, certifico.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
17/07/2023 4E7ED76C146579A8F9AC09FAE24F1DB6F94E3DD
17/07/2023 C1DD1845927372D866395228FC6AA9870EE09A6D8
17/07/2023 F015D44EE9CFB2A40D809D34EC329900531FC0B8
17/07/2023 7AEC11E443FFB530A298A5363260B3517FE555E9
18/07/2023 DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABALLO:
Auxiliar Admón. Xeral
Técnico de contratación
Concalleira
Interventora
Secretaría

NOME:
QUINTANS RIOS, MARIA ISABEL
GARRIDO MOREIRA, EMILIO
SENORIS RODRIGUEZ, SUSANA
FERNANDEZ SOBRINO, MARGARITA
PRADA QUEIPEO, ROSA ANA

